

NOCIÓNS DE CRECEMENTO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

JULIO ÁLVAREZ GÓMEZ* / ÁNGEL ALONSO GONZÁLEZ**

*Departamento de Dereito Público Especial, Comunicación Audiovisual e Publicidade
Facultade de Dereito de Ourense
Universidade de Vigo
**Asociación Inclusión

Recibido: 27 de xaneiro de 2005

Aceptado: 28 de febreiro de 2005

1. INTRODUCCIÓN

Iniciamos este traballo intentando teorizar sobre os dous conceptos, de comprensión máis sinxela se acudimos a exemplos numéricos elementais.

En principio, imos fixarnos na noción de crecemento, que sempre se mide en termos físicos ou monetarios. Así, o primeiro termo é un concepto fundamentalmente físico e económico, que se mide en unidades físicas ou cuantificables economicamente. O segundo termo –o desenvolvemento– é un concepto máis próximo á realidade persoal. O desenvolvemento sempre fai referencia a un compoñente persoal e de distribución da renda ou da riqueza. Neste concepto é onde cobra unha maior importancia o territorio, no que os procesos coñecidos como desenvolvemento local vinculan ao propio crecemento o espazo activo (Vázquez Barquero, 1988), e onde é evidente, por outra parte, que determinadas áreas teñen vantaxes comparativas innegables, como no caso dos países da UE que dispoñen de oportunidades que a outros países lles están vedadas. O desenvolvemento xera vías que permiten a súa transmisión, mentres que o crecemento dunhas áreas pode ter lugar á conta da explotación doutras: por exemplo, o desenvolvemento industrial dalgúns países é posible grazas ás materias primas que proceden doutros países.

É importante cuantificar uns procesos que se coñecen como exclusión social e que se producen mesmo dentro dos países do primeiro mundo. Existe unha serie de colectivos e de individuos que non participan da renda (riqueza) da sociedade, nin dos mecanismos correctores que esta mesma sociedade –incluso moi terciarizada– xera.

A exclusión social é un fenómeno que está presente en todas as tendencias e modelos considerados. En todos eles atopamos colectivos ou xente que non se beneficia dun proceso de crecemento e que teñen serias dificultades para seren integrados nun proceso de desenvolvemento. Requírense esforzos adicionais para seren integrados nun proceso de desenvolvemento que alcance todas as capas sociais e todos os individuos. É un proceso de desenvolvemento moito máis universal.

A exclusión social leva a numerosos colectivos a situarse á marxe da sociedade –aínda no chamado estado do benestar– e a privarse dos mecanismos correctores que todo proceso de crecemento podería xerar. A oferta e a demanda, tal e como están concibidas classicamente, presentan situacións equívocas, equilibrios non eficientes desde o punto de vista paretiano –equilibrios no longo prazo–. Cómpre corrixir a situación de numerosos grupos e individuos excluídos, que se sitúan á marxe da sociedade e cuxa oferta de traballo é dubidosa, quedándose como oferta potencial sen concretar a súa efectividade real –fenómeno que sucede mesmo nas economías máis avanzadas–.

A exclusión da renda de numerosos individuos e colectivos acentúa os desequilibrios do crecemento, potencia a concentración da renda nunhas poucas mans e aumenta a desigualdade dunha sociedade. A exclusión da riqueza de determinados grupos nunha sociedade fai que a riqueza tenda a concentrarse en grupos privilegiados, mentres que numerosos colectivos se ven sumidos na pobreza –de renda ou doutras variables socioeconómicas–, xerando procesos de crecemento bipolar.

Aquí podería cuestionarse o modelo económico e de benestar seguido, elixido polos cidadáns. Nós decantámonos por un modelo social no que a distribución da renda alcanza un primeiro plano non só pola riqueza que xera senón por como esta é distribuída. Utilizar as nocións –mesmo teóricas– de crecemento e/ou de desenvolvemento xa supón en gran medida un determinado enfoque co que afrontar un traballo.

A utilización do concepto de desenvolvemento subxace xa nas contribucións de Amartya Sen, que supera ao de simple crecemento no seu libro *Desenvolvemento e liberdade*, no que propón a democracia como un sistema no que o proceso de desenvolvemento ten o seu encaixe específico.

2. CRECIMENTO E DESENVOLVEMENTO

O crecemento económico é unha noción moito máis limitada cá de desenvolvemento. Só fai referencia a variables económicas –xeralmente o PIB ou a renda nacional–, deixando fóra outras variables sociais que o concepto de desenvolvemento incorpora ou que pretende incorporar. O crecemento fai referencia a un aumento da renda e da riqueza, pero non ao modo en que esta se distribúe, xerando habitualmente situacións inxustas no seu reparto: uns poucos individuos atribúense toda a renda nacional, outros individuos atribúense unha fracción mínima da renda e hai un terceiro grupo –que estaría formado polos excluídos sociais– que quedaría á marxe da distribución, xa que a este terceiro grupo non lle correspondería ningunha participación na renda nacional.

É posible, e mesmo é moi probable, que ese crecemento provoque grandes diferenzas entre persoas, clases ou grupos. Na actualidade, tras a revolución industrial, o gran problema non é tanto as condicións de traballo da poboación proletaria –concepto básico na economía da revolución industrial– como a ausencia deste,

tomando forma, como problema primordial, o concepto de paro obreiro ou asalariado. O desemprego, por múltiples razóns, é o mal actual da nosa sociedade capitalista pos-revolución industrial.

Dáse unha diferenciación obvia na importancia relativa dos factores de produción clásicos –traballo e capital–, asumindo que o papel dos recursos naturais –terra– sexa común, o cal é moito supoñer. O traballo perde, con respecto ao capital, produtividade –capacidade de producir– converténdose o emprego, e máis concretamente o traballo por conta allea, nun ben escaso e, segundo a tendencia, esta escaseza irá agravándose. O desemprego é agora unha compoñente estrutural de calquera modelo de crecemento e/ou de desenvolvemento. O pleno emprego aínda soa a teoría vella e a obxectivo utópico.

O crecemento –concibido como un aumento de renda dispoñible e non como desenvolvemento social– xera grupos excluídos que non participan dos beneficios que poderían ter ou agrava a situación dos individuos e dos grupos excluídos se non media unha corrección. Aumentan as diferenzas entre os cidadáns.

O concepto de desenvolvemento é, sen dúbida, máis amplo e adoita incluír algúns indicadores da calidade de vida dos cidadáns: educación, sanidade, etc. Se se dá un clima de bonanza, compartir ese benestar require habitualmente da implantación de medidas concretas.

Algúns modelos preocúpanse polo desenvolvemento, pola distribución da riqueza xerada, mentres que a outros modelos lles abonda co simple crecemento. Así, van tomando forma os modelos nos que o Estado representa un papel distributivo.

O desenvolvemento é un concepto que adquiriu un valor cualitativo, deixando nun segundo plano o concepto de crecemento. O desenvolvemento baséase no emprego do capital humano, na explotación sostible dos recursos endóxenos e no respecto ao medio. En todo caso, cómpre salientar o seguinte:

- As incidencias que o desenvolvemento ten no medio.
- As incidencias que as políticas económicas e sociais teñen sobre o desenvolvemento na busca dunha maximización dese desenvolvemento.
- A integración desas variables en todos os modelos coa finalidade de xerar máis emprego nas actividades vinculadas co desenvolvemento (obxectivo básico de creación de emprego).
- A igualdade entre colectivos, evitando a exclusión. Unha maior preocupación pola distribución da renda e da riqueza xerada. A liña transversal que afecta a calquera medida adoptada.

Así, ao evitar danos ambientais e ao evitar a exclusión convértense en obxectivos do desenvolvemento (non do simple crecemento), tornándose en obxectivos fundamentais de calquera Goberno. En Galicia temos un claro exemplo para evitar danos ambientais co movemento de voluntariado ambiental, xerado a raíz da catástrofe ecolóxica, do derrame de cru, provocada polo sinistro do petroleiro *Prestige*.

A distribución da renda é o eixe fundamental de calquera modelo económico que se preocupe minimamente polo desenvolvemento da comunidade de instalación. Aínda así, estes deberán de coidar elementos nos que a colectividade social pon unha especial énfase, como pode ser o caso dos parques naturais ou dos efectos ambientais perniciosos, ademais dunha preocupación pola distribución da propia renda xerada, evitando así distribucións tremendamente desequilibradas.

3. ALGUNHAS CUESTIÓNS BÁSICAS

O desenvolvemento económico é un proceso cunha gran capacidade de transmisión. Así, o feito de atoparse nunha área determinada condiciona en gran medida a evolución dun país. Atoparse dentro da UE supón unha vantaxe comparativa que outros países situados noutras áreas xeográficas non teñen. De todos os modos, cómpre aproveitar ao máximo as vantaxes comparativas que o espazo pon ao noso servizo.

Na Europa occidental desenvolveuse un sistema de protección dos individuos que se coñece como estado do benestar e que presenta una serie de condicionantes:

1) *A súa complexidade.* Sendo o paro, por exemplo, o principal problema socioeconómico das sociedades máis desenvolvidas, conséntase que a taxa de paro non está necesariamente vinculada ou relacionada cun determinado modelo económico. Prodúcese un elevado nivel de desemprego con calquera dos modelos. Séguese aquí a estratexia comunitaria de preocupación polo emprego. O mercado de traballo é unha ferramenta forte de cara á distribución da renda e da riqueza.

Hai factores que inciden notablemente desde a perspectiva sociolaboral na calidade de vida: a precariedade laboral, as diferenzas salariais en termos reais, a deslocalización do emprego e a mobilidade xeográfica dos traballadores.

Nesta complexa realidade social sitúase o estado do benestar, nun mundo globalizado no que atopa acomodo a chamada terceira vía, que aproxima ao modelo económico do benestar vixente en Europa o modelo económico laboral americano, moito máis liberal, que é contrario a toda intervención pública e que postula unha revisión do modelo económico de benestar vixente en Europa para “*garantir a solvencia económica do Estado*”. Proponse un adelgazamento do Estado, que este non asuma funcións redistribuídoas e que deixe estas funcións unicamente en mans do mercado.

Se o modelo económico liberal implantado nos EE.UU. e a súa política exterior expansionista e colonialista en termos económicos non foron capaces de mostrar as excelencias dese modelo –pero si moitas das súas dificultades: a guerra pode ser un expoñente dese modelo esgotado– nin a garantía para unha moeda forte fronte ao modelo socialdemócrata vixente nos países da Unión Europea que, en cambio, se converte no paradigma de referencia, o modelo de crecemento e/ou de desenvolvemento seguido polos países europeos móstrase como o máis adecuado para garantir a sostibilidade do proceso.

Aquí se manifesta a idea de que os países da UE seguen un único modelo, con diferenzas evidentes segundo quen tome o poder, contraposto ao liberal de mercado. Ese único modelo participaría das estratexias deseñadas como modelos teóricos parciais ou estratexias expresadas no epígrafe seguinte. Supón tendencias que condicionan o devir dos grandes modelos das economías ou das políticas económicas. Debería afondarse na análise deste modelo para corraxir algún dos seus posibles puntos febles, que parecen máis as consecuencias lóxicas dos desaxustes que potencialmente pode producir a construción da Unión Europea cá evidencia de problemas de fondo no propio modelo económico (aínda que heteroxéneo, compatible). O proceso de construción dun espazo europeo común xera unha gran cantidade de desaxustes, aínda que podemos atopar moitas similitudes co modelo económico. O modelo económico da dereita e da esquerda teñen, ademais de elementos diferenciados, unha gran cantidade de nexos comúns.

2) *A conveniencia de resaltar a tendencia para corraxir os problemas graves do chamado estado do benestar* (que non é equiparable co modelo socialdemócrata, posto que é común a varios sistemas). Aclaremos que o estado do benestar é unha manifestación das economías occidentais –non unha manifestación só da socialdemocracia ou en exclusiva desta, que ten o seu principal baluarte no crecemento do Estado, asumindo papeis na actividade económica). En Europa maniféstanse unha serie de problemas que son universais, entre os cales cabería destacar o desemprego; a exclusión social; a igualdade plena e a non discriminación por razón de sexo, orixe, razón, ideas...

Sería adecuado analizar o texto da Constitución europea para verificar as estratexias europeas para o emprego, para a exclusión social e para a plena igualdade e para a non discriminación por razón de sexo, orixe, razón, ideas...

A Constitución europea supón un reto importantísimo para a consolidación da Unión Europea, xerando áreas comúns que se sitúan por riba das fronteiras dos países membros e das nacións sen Estado. En América existen procesos cunha certa similitude pero sen a amplitude de ambicións do proxecto comunitario.

4. EXCLUSIÓN SOCIAL

A exclusión social tamén é un concepto amplo, que vén significar a non participación da sociedade que temos arredor. A exclusión social ten dúas compoñentes e a segunda desas compoñentes –a compoñente social– fai referencia ao modelo que nós defendemos neste traballo.

O modelo capitalista xurdido da revolución industrial entra totalmente en crise e podemos dicir que tamén o modelo comunista ou de estado totalitario, “a ditadura do proletariado”, entra en crise. O modelo socialdemócrata, que sería unha versión máis suave do papel do Estado como corrector dos desequilibrios dun mercado salvaxe, comeza a ter profundas revisións para adaptarse a un mundo globalizado no que conviven modelos económicos ben dispares e cun moi distinto grao de desenvolvemento.

O modelo de capitalismo tardío incorpora elementos de mercado pero tamén elementos de non mercado. É un modelo capitalista limitado porque non se rexe unicamente pola procura do beneficio.

Por outra parte, o papel e o tamaño do Estado transfórmase. O Estado pasa de tratar de intervir o menos posible e de adoptar un tamaño menor a medrar desmesuradamente.

O estado do benestar fíxolle “medrar moito” ao Estado e, á vez, facíalle afrontar realidades moi diversas, como pensións universais...

É unha manifestación que seguen tanto as economías e as sociedades socialdemócratas como as liberais (máis desenvolvida na UE). A intervención do Estado en economías cualificadas como de dereita (nos países da UE) é desmesurada se a comparamos coa idea liberal de non intervención.

A terceira vía propón que sexan as propias organizacións sociais as que asuman os problemas (o papel do Estado non é asumir problemas que asumen directamente os cidadáns ou as organizacións que deles xorden). Esta terceira vía permítelles aos modelos liberais reducir ou “adelgazar” o Estado e aos modelos socialistas ou socialdemócratas posuír unha nova vía de intervención. Compórtase como un novo modelo emerxente, pero adáptase excelentemente aos dous modelos tradicionais, podendo tamén constituír unha nova característica destes.

Son numerosos os grupos que nun ou noutro campo ven vedada a súa participación por imposición propia ou allea debido ás condicións naturais ou ás sobrevidas ao individuo. O modelo ou o patrón seguido na nosa sociedade é moi estrito, e só considera o home dunha determinada idade e cunhas características moi determinadas, excluindo grupos e individuos que non cumpran eses canons preestablecidos, aínda que se apuntan avances para a igualdade de homes e mulleres e para a integración laboral de colectivos con dificultades de inserción, en especial na contorna da UE.

Pódese dar un contexto de crecemento e que estes grupos excluídos empeoren a súa situación de partida. Na maioría dos casos o crecemento non é homoxéneo senón bipolar: medran moito os que xa teñen rendas elevadas e pouco ou nada os que non teñen un nivel de renda mínimo (limiar de renda). Os procesos de exclusión teñen unha maior relevancia nun contexto de baixa renda e escaso crecemento, como pode ser o caso da América latina.

5. TENDENCIAS QUE SEGUE O CRECIMENTO E/OU O DESENVOLVEMENTO

Tradicionalmente, considerábanse dous grandes modelos: o capitalista e o socialista –incluíndo o socialdemócrata–, pero a realidade é cambiante e cómpre contrastar os modelos con esta realidade social, o que amplía a gama de posibilidades e xera unhas claras tendencias. Veremos, desde o punto de vista afrontado neste traballo, as máis interesantes:

- *Liberal de mercado*: o mercado co mecanismo de prezos, salarios e beneficios encárgase de axustar a economía á realidade. A propiedade privada de todo e, especialmente, dos medios de produción é a premisa básica.
- *Socialista ortodoxo ou comunista*: é o Estado o que se encarga da produción e distribución dos bens e servizos. Este modelo está en crise tras a caída do muro de Berlín e a desaparición da antiga URSS como potencia hexemónica alternativa.
- *Socialdemócrata*: acepta o mercado como sistema de distribución das rendas: beneficios, dividendos e salarios principalmente, pero o Estado é forte e poderoso.
- *“Estado do benestar”*: corrixe os efectos perniciosos do mercado. Aadoita garantir servizos esenciais: sanidade pública, educación pública, pensións, prestacións por desemprego, rendas de integración social (basicamente contra a pobreza), etc. Sirvan de exemplos o modelo laborista inglés ou o socialismo español.
- *Desenvolvemento local*: ben como modelo independente ou como estratexia pon a énfase no espazo, na sostibilidade do desenvolvemento e no emprego. Recursos endóxenos e capital humano tamén son puntos estrela do modelo. O Estado convértese nun aliado estratéxico.
- *Terceira vía*: segundo Giddens (1999), “*ir máis alá daqueles dereitistas que din que o Goberno é o inimigo e daqueles esquerdistas que din que o Goberno é a solución*”. Aceptan o mercado e o beneficio, pero buscan un beneficio social. Proponen unha redución do Estado e que algunha das súas funcións recaia directamente nunha cidadanía máis consciente e activa. Como modelo pode servir o seguido polo laborismo inglés do que Giddens formou parte.

6. BENESTAR SOCIAL

A tendencia seguida na actualidade manifesta que hai unha multitude de empresas que buscan o benestar propio pero non custe o que custe (beneficio capitalista, monetario...). A busca dese tipo de beneficio (social) repercute no benestar da sociedade no seu conxunto.

Séguese tendencias moi significativas e fortes á hora de buscar o benestar ou o beneficio dos membros dunha sociedade. Unha acometida desde o Estado coas súas políticas sociais e outra acometida polos particulares e as súas organizacións.

A economía social busca o beneficio persoal do individuo partícipe (se o busca) pero non como obxectivo único e básico, senón que crea emprego (loita contra o paro), integra (discapacitados, mulleres...), consegue un maior benestar social (non xera un maior crecemento de renda pero si unha mellor distribución).

O beneficio destas empresas cómpre enténdelo en dúas direccións: cara aos socios partícipes e cara á sociedade no seu conxunto. Afronta de forma persoal problemas que ata agora viña asumindo o Estado: o emprego, a integración de colectivos difíciles, a loita contra a discriminación, etc. O papel das empresas sociais é radicalmente distinto ao das empresas capitalistas. Son empresas e, xa que logo,

aceptan manterse no mercado (asumen as súas regras reitoras) pero, por outro lado, a lóxica que as move non é maximizar o beneficio, como no caso das empresas capitalistas típicas, ou, cando menos, non é maximizar o beneficio económico-monetario senón unha nova concepción de beneficio: o beneficio social.

As empresas sociais xa son unha realidade que está presente nos países europeos (é significativo o caso italiano). Este tipo de empresas diferéncianse claramente, como xa dixemos, das empresas capitalistas puras, constituíndo un novo tipo de empresa.

7. REALIDADE ESTATÍSTICA. SUPOSTOS CONCRETOS

A estatística é unha ciencia pero posúe unha gran capacidade de intervención, sobre todo se non se expresan ben os supostos de partida ou se se extraen condicións que non están contidas nas premisas. Fagamos unha análise básica da realidade que queremos reflectir. Pódese poñer un exemplo moi sinxelo, o dun país con só 2 habitantes; se un deles pasa de 100 a 120 unidades monetarias de renda e o outro de 0 a 0, o país tería medrado de 100 ($100+0=100$) a 120 ($120+0=120$), mesmo no caso de que utilizemos un primeiro indicador básico, a renda *per cápita* ou media, pasaríamos de 50 ($100/2$) a 60 ($120/2$). Polo tanto, hai un crecemento evidente da renda. Pero, prodúcese crecemento? Isto xa é máis dubidoso, pois as diferenzas entre os dos individuos ou entre as clases sociais aumentan de -100 (0-100) a -120 (0-120) e a situación da clase B (de menor renda) segue igual.

Poderíamos complicar máis o modelo con máis individuos ou con máis clases sociais e, mesmo, con máis países, co cal as nocións de crecemento e de desenvolvemento serían menos doadas de avaliar. Pero unha parte do concepto queda exposta con este modelo simplista.

Vexamos outro modelo no que non se produce crecemento ningún.

- 1) Primeiro país, 100 unidades monetarias de renda, individuo A=100, individuo B=0.
- 2) Segundo país, 100 unidades monetarias de renda, individuo A=80, individuo B=20.

Neste suposto simple non hai crecemento ($100+0=80+20$); no segundo caso hai unha distribución máis igualitaria (incluso non total) da renda.

Pódese dubidar, se falamos dun mesmo país, que o tránsito da primeira á segunda situación (máis igualitaria) tivera lugar nun proceso de redistribución e de crecemento.

Mesmo podíamos falar dun terceiro caso: individuo A=100, individuo B=20. Neste caso, dáse un proceso de crecemento sobre o primeiro suposto de 100 a 120 e un proceso de desenvolvemento, posto que este crecemento se concentra no individuo de renda máis baixa mentres que o individuo de renda máis alta non se ve prejudicado.

É evidente a diferenza entre o primeiro e o último proceso. En ambos os dous pásase de 100 a 120 unidades de renda monetaria no país pero, no primeiro caso, o proceso de crecemento concéntrase no individuo ou clase A (que pasa de 100 a 120 u.m.) mentres que o individuo ou clase B continúa coas mesmas 0 u.m. Por outro lado, no suposto final o país segue pasando de 100 a 120 u.m., pero ese proceso de crecemento concéntrase no individuo B, que pasa de 0 a 20 u.m. As diferenzas sociais ou entre individuos diminúen (de -100 a -80). Sen haber crecemento tamén pode haber mellor distribución, pero o reparto da riqueza ten que ser relativamente dunha torta menor.

A estatística pódese complicar con máis individuos e con máis países pero parece ilustrativo ese exemplo simple. O crecemento mídese no nivel de incremento de renda, que pode ser debido a múltiples factores como mostra un simple crecemento demográfico (se pasamos do primeiro suposto con dous individuos A e B a un suposto con tres individuos A, B e C), mentres que o desenvolvemento implica unha maior distribución da renda. As economías occidentais apostan polo terceiro suposto: crecemento con desenvolvemento e redución das diferenzas.

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO GONZÁLEZ, A. (2003): *Exclusión social I. Inclusión por el empleo*. Vigo: Crónicas Visuales.
- ALONSO GONZÁLEZ, A. (2003): “Las distintas caras de la exclusión: la exclusión en el mercado de trabajo, enfoque de la Unión Europea”, *Ceidir*. (Na páxina www.ceidir.org).
- ALONSO GONZÁLEZ, A.; ÁLVAREZ GÓMEZ, J. (2005): “En torno a los conceptos de crecimiento y desarrollo económico”, *Inclusión*, núm. 4. (Na páxina www.inclusionweb.org).
- ESTEVILL, J.; BESNIER, A.; VALADROU, C.: (1984): *Las empresas sociales en Europa*. Comisión Europea, Dirección General V. Empleo, Relaciones Industriales y Asuntos Sociales / Barcelona: Hacer.
- GIDDENS, A. (1999): *La tercera vía. La renovación de la socialdemocracia*. Madrid: Taurus.
- GARCÍA DELGADO, J.L. [dir.] (1993): *España, Economía*. Madrid: Espasa Calpe.
- GONZÁLEZ LAXE, F. [coord.] (1992): *Estructura económica da Galicia*. Madrid: Espasa Calpe.
- SEN, A. (2000): *Development as Freedom*. Knopf Publishing Group. (Versión en castelán: *Desarrollo y libertad*. Planeta, 2000).
- VÁZQUEZ BARQUERO, A. (1988): *Desarrollo local. Una estrategia para la creación de empleo*. Madrid: Pirámide.
- VÁZQUEZ BARQUERO, A. (1993): *Política económica local*. Madrid: Pirámide.
- VÁZQUEZ BARQUERO, A.; GAROFOLI, G. (1995): *Desarrollo local en Europa*. Madrid: Colegio de Economistas.